

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 15 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproba a relación de prazas que se ofrecen e se cita para o acto de elección de destino os aspirantes seleccionados no proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A base oitava da Resolución da Secretaria Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que unha vez recibida pola autoridade convocante a proposta de aspirantes que superaron o concurso-oposición nas categorías correspondentes, procederase á publicación no *Diario Oficial de Galicia* dunha resolución pola que se aprobe a relación de prazas que se lles ofrecen aos aspirantes seleccionados e o procedemento para elección de destino.

En consecuencia, esta división

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a relación de prazas vacantes que se lles ofertarán aos aspirantes seleccionados no concurso-oposición de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde nas categorías de alergoloxía, análises clínicas, anatomía patolóxica, anestesioloxía e reanimación, ansioloxía e cirurxía vascular, aparello dixestivo, cardioloxía, cirurxía cardiovascular, cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, cirurxía xeral e aparello dixestivo, dermatoloxía médico-cirurxica e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, farmacéutico de atención primaria, farmacia hospitalaria, hematoloxía e hemoterapia, inmunoloxía, medicina do traballo, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina interna, medicina nuclear, medicina preventiva e saúde pública, médico de urxencias hospitalarias, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, pneumoloxía, neurocirurxía, neurofisioloxía clínica, neuroloxía, obstetricia e xinecoloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica, oncoloxía radioterápica, otorrinolaringoloxía, pediatria e as súas áreas específicas, psicoloxía clínica, radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria, reumatoloxía, traumatoloxía e cirurxía ortopédica, uroloxía e xeriatria, indicándose a localidade e institución sanitaria onde están situadas as prazas ofertadas.

As prazas que se ofertan corresponden sempre a prazas básicas da correspondente categoría, de acordo co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo.

Segundo.- Convócanse todos os aspirantes seleccionados para que nun único chamamento e acto elixan obrigatoriamente destino definitivo pola orde de puntuación alcanzada no concurso-oposición con preferencia a favor dos aspirantes que accederon pola quenda de promoción interna.

Terceiro.- O acto de elección de destinos celebrárase no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, sito en San Lázaro s/n, de Santiago de Compostela, coa seguinte distribución de categorías:

Día 30 de maio de 2008, ás 16.30 horas: medicina do traballo e médico de urxencias hospitalarias; ás 17.30 horas: cirurxía cardiovascular, inmunoloxía, cirurxía oral e maxilofacial, neurofisioloxía clínica, xeriatria, cirurxía pediátrica, dermatoloxía médico-cirurxica e venereoloxía, medicina nuclear, oncoloxía radioterápica, reumatoloxía, medicina preventiva e saúde pública, radiofísica hospitalaria, alergoloxía, cirurxía plástica, estética e reparadora; ás 18.30 horas: microbioloxía e parasitoloxía, hematoloxía e hemoterapia, pneumoloxía, oncoloxía médica e otorrinolaringoloxía; ás 19.30 horas: medicina física e rehabilitación, endocrinoloxía e nutrición e análises clínicas.

Día 31 de maio de 2008, ás 10.00 horas: medicina intensiva, psicoloxía clínica e anatomía patolóxica; ás 11.00 horas: oftalmoloxía, traumatoloxía e cirurxía ortopédica; ás 12.00 horas: cirurxía xeral e aparello dixestivo e pediatria e as súas áreas específicas; ás 13.00 horas: neurocirurxía, aparello dixestivo e cardioloxía; ás 16.00 horas: uroloxía e farmacia hospitalaria; ás 17.00 horas: obstetricia e xinecoloxía; ás 18.00 horas: nefroloxía, neuroloxía e radiodiagnóstico; ás 19.00 horas: medicina interna.

Día 1 de xuño de 2008, ás 10.00 horas: anestesioloxía e reanimación; ás 11.30 horas: ansioloxía e cirurxía vascular e farmacéuticos de atención primaria.

Cuarto.- O dito acto de elección someterase ás seguintes regras:

A solicitude que formulen os aspirantes será vinculante e irrenunciable.

b) Deberán comparecer provistos do documento nacional de identidade ou outro documento que concrete de modo fidedigno a súa personalidade.

c) Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas provistas de poder suficiente.

d) O aspirante seleccionado que non opte por un destino, no prazo e de acordo co procedemento establecido, non poderá ser nomeado, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.

e) Pola capacidade do recinto e con motivo de facilitar a axilidade na elección, poderíase limitar a presenza de persoas que acompañen o aspirante no propio acto da elección.

Quinto.- Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos na base décima da convocatoria.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego
de Saúde

ANEXO

Cod.	Categoría/especialidade	1501	1505	1571	2701	2706	2707	3201	3204	3601	3603
30	Alerxoloxía	2			1			1			1
31	Análises clínicas		3	1		1	2			4	
32	Anatomía patolóxica			1	4	1	2	2		2	1
33	Anestesioloxía e reanimación	3	8	5	9	3	3	3	2	8	8
34	Anxioloxía e cirurxía vascular	1		1	1			3		3	3
35	Aparello dixestivo	1	1	3	3	1				3	2
36	Cardioloxía	1	1	3	3	1	1	2	1	3	3
37	Cirurxía cardiovascular			1							
38	Cirurxía oral e maxilofacial	2									
39	Cirurxía pediátrica	1		1						1	
40	Cirurxía plástica, estética e reparadora	2			1					2	
41	Cirurxía xeral e aparello dixestivo	1	2		1	2	3	3	1	1	5
42	Dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía		1		1		1				
43	Endocrinoloxía e nutrición	1	1		2			1		2	2
45	Farmacia hospitalaria	3	2	2	5	1	1	5	2	3	3
46	Hematoloxía e hemoterapia	1		1			2		2	1	
47	Inmunoloxía	1									
48	Medicina do traballo		1	1	1					1	1
49	Medicina física e rehabilitación	1	3		1		1	1		1	
50	Medicina intensiva		1	4				2		2	3
51	Medicina interna	5	5		7	2	1	4	1	6	
52	Medicina nuclear			2						1	
53	Medicina preventiva e saúde pública	2					1		1		
55	Médico urxencias hospitalarias	1	5	2	6	1	1	5	3	5	4
56	Microbioloxía e parasitoloxía				1	1			1	1	2
57	Nefroloxía				1	2		1			1
58	Pneumoloxía		1			1	1	2		1	1
59	Neurocirurxía	2		1	2			2			
60	Neurofisioloxía clínica		1		1						
61	Neuroloxía	2	1	1	2			1			1
62	Obstetricia e xinecoloxía	4	3	4	6	2	2	4	2	12	3
63	Oftalmoloxía	4	2		1	3	2	2		2	2
64	Oncoloxía médica	1	1	3	1			1		1	2
65	Oncoloxía radioterápica			3							
66	Otorrinolaringoloxía	1	1			1	1	3	1	2	
68	Pediatría e as súas áreas específicas	1	3	2	2	2	3		1	4	1
69	Psicoloxía clínica	3	1	2	2					3	1
71	Radiodiagnóstico	1	5	3	3	1	2	2	1	2	2
72	Radiofísica hospitalaria			3				1			
73	Reumatoloxía	1	2								
74	Traumatoloxía e cirurxía ortopédica	1	1	3	4	3		2		3	3
75	Uroloxía	1	1			2			1		1
76	Xeriatria									2	

Farmacéutico atención primaria.

Centro	Quenda	Prazas	Centro	Quenda	Prazas
-X.A.P. Coruña			O Carballiño	M	1
Betanzos	M	1	Ribadavia	M	1
Carballo	M	1	Verfín	M	1
Vimianzo	M	1	-X.A.P. Pontevedra		
-Área sanitaria de Ferrol			Cambados-Vilanova	M	1
As Pontes-Pontedeume	M	1	Lalín-Dozón-Agolada-Rodeiro-Silleda-Vila de Cruces	M	1
Fontenla Maristany	M	2	Lérez-Campo Lameiro-Ponte Sampaio-Monte Porreiro-Ponte	M	1
Narón-Serantes	M	2	Caldelas-Vilaboa-A Lama-Cotobade-Caldas-Barro		
Ortigueira-Cedeira-San Sadurniño	M	1	Sanxenxo-O Grove	M	1
-X.A.P. Lugo			Vilagarcía de Arousa	M	1
A Milagrosa	M	1	Virxe Peregrina	D	1
Burela	M	1	Virxe Peregrina-Marín-Bueu	D	1
Chantada	M	1	-X.A.P. Vigo		
Fingoi	M	1	A Guarda-O Rosal-Val Miñor	M	1
Illas Canarias	M	1	Cangas-Moaña	M	1
Monforte de Lemos	M	1	Ponteareas-Salvaterra	M	1
Ribadeo	M	1	O Porriño	M	1
Sarria	M	1	Redondela	M	1
Vilalba	M	1	Teis	M	1
Viveiro	M	1	Tui-Tomiño	M	1
-X.A.P. Ourense			Val Miñor	M	1
A Ponte	M	1	-X.A.P. Santiago		
Allariz-Xinzo	M	1	Arzúa-Melide-C. Arenal-Ordes	M	1
Celanova-Bande	M	1	Boiro-Ribeira-Noia	M	2
			Ordes-Arzúa-Melide-Concepción Arenal	M	2